

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 CURSO 2020-2021

• Medidas de prevención básicas:

-O persoal do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas, así mesmo os pais deberán tamén facerlla aos seus fillos. Despois do auto diagnóstico, e en caso de poder ter a enfermidade, os pais ou profesores deberán tomar as medidas oportunas.

-O centro requirirá dos usuarios unha declaración responsable de autoavaliación clínica, asinada polo pai/nai/titor legal, ao inicio do curso escolar. Será entregado ao equipo Covid. (Modelo adxunto).

-O equipo Covid estará integrado por: director do centro, xefa de estudos e profesor de guitarra.

-Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.

-Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. A persoa agardará na zona de illamento que estará situada na *Sala de profesores*.

-Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade sanitaria.(Hospital da Costa).

• Medidas xerais de protección individual e limpeza:

-De forma xeral, manterase unha distancia interpersoal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro.

- É obrigatoria a hixiene de mans, tanto por profesores coma por alumnos, nas entradas e saídas das aulas.

-Os alumnos non manipularán portas, ventás, persianas, interruptores nin ferramentas pedagóxicas, o fará o profesor.

- O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia, así coma cadeiras, mesas, ou atrás debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase por cada usuario. Dispónse en cada aula de pulverizador con solución desinfectante, panos desbotables e papeleiras con tapa en tódalas aulas para tiralos.

-O uso da máscara será obrigatorio durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala.

-Dispónse para o acceso e saída do centro de material de desinfección persoal.

-O acceso ao centro farase pola porta de entrada habitual e a saída efectuarase pola porta traseira lateral que permanecerá aberta, tal coma está indicado nas instalacións.

-Nas entrada do centro dispónse de produtos de hixiene que permiten, realizar unha adecuada hixiene das mans. Zona de desinfección sinalizada.

-O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.

-Non se farán fotocopias aos alumnos nin se compartirán partituras. Os alumnos traerán as súas propias partituras se nalgún momento precisan novo material de agrupación se lles enviará por correo. En caso necesario de realización de fotocopias estas estarán en corentena a lo menos 4 horas.

-Realizaranse tarefas de ventilación nas instalacións, por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, ao finalizar as clases, e 10 min. entre clases e cando o clima o permita manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

-A limpeza das instalacións realizarase unha vez ao día.

- **Material de protección**

-Pulverizadores con solución desinfectante, panos desbotables nas aulas e papeleiras.

-Recipiente con xel hidroalcohólico en cada aula.

-Sprai de alcohol para os pianos.

-Recipiente con area para as aulas de vento.

-Mascaras de protección individual de reposto.

- **Medidas específicas para o profesorado:**

-Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplar no cumprimento das medidas de protección.

-En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

-Asegurarase de que o alumnado que cambie de aula ou abandone o centro o faga seguindo o protocolo.

- **Durante a actividade formativa específica:**

-Tanto os alumnos coma os profesores teñen que facer un lavado de mans antes de entrar na clase, así coma entre elas. Disporase de xel desinfectante de mans en tódalas aulas.

-Os instrumentistas de piano realizarán un lavado de mans de polo menos 40 segundos antes de tocar o instrumento, e desinfectarán o instrumento ao remate da clase cun spray de alcohol.

- A distancia recomendada para as clases colectivas establececese en 1,5m. e levarán máscara en todo momento.

- A distancia entre os instrumentistas de corda establececese en en 1,5m, e levarán máscara en todo momento.
 - A distancia entre os instrumentistas de vento establececese en en 3 m. e levarán máscara menos no momento de ter que tocar. As aulas de vento dispoñen dun recipiente con area onde escorrer a humidade do instrumento que se pulverizará a diario cunha solución de auga con lixivia.
 - A distancia entre cantantes e membros de agrupación vogal establececese en 3 m. e levarán máscara en todo momento.
 - Durante a actuación e os ensaios da orquestra, banda, coro e outras agrupacións, as persoas integrantes deberán manter a distancia de seguridade e, se iso non é posible, reducirase o número de compoñentes de xeito que se cumpra con dita distancia.
 - Todos os profesores e alumnos que non utilicen instrumentos de vento deberán levar máscara durante toda a clase. Os alumnos e profesores de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento do uso do instrumento. Do mesmo modo isto pódese aplicar nos ensaios das distintas agrupacións, onde todos os músicos e os profesores deberán levar máscara (menos no momento de ter que tocar no caso dos instrumentos de vento).
 - Os instrumentos musicais que compartan varios alumnos serán desinfectados tras o seu uso por cada alumno.
- **Relacións coas familias:**
- O centro promoverá que as reunións e aquelas outras actividades non lectivas se realicen de forma telemática.
 - As titorías realizaranse telefonicamente previa solicitude de cita que será coordinada pola xefa de estudos.
 - Os pais dos alumnos non entrarán no centro salvo caso necesario.
 - Os alumnos das materias de *Música e movemento* e *Formación básica* serán agardados polo profesor na entrada do centro e polos seus pais á saída do mesmo, e situados na escaleira traseira lateral do edificio.
 - O resto do alumnado accederá solo ao centro.
 - Aqueles alumnos que se atopen en illamento domiciliario, poderán seguir as clases de xeito telemático previa información ao centro.